

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE CULTURA

504 *Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas no relativo ao ISBN.*

O International Standard Book Number ou ISBN é un número creado para dotar cada libro, entendido como título monográfico, dun código numérico que o identifique. Este sistema, utilizado para a práctica totalidade das edicións de libros, converteuse nun instrumento de identificación para calquera libro, que permite o uso de ferramentas informáticas para a súa localización e que facilita, por tanto, a súa circulación no mercado editorial. O ISBN, ademais dun código numérico adscrito a cada libro, é un instrumento de localización e difusión deste como soporte cultural.

O sistema internacional de numeración de libros é un mecanismo de identificación normalizado, cuxas regras son elaboradas pola Axencia Internacional do ISBN, que é a entidade de natureza xurídico-privada responsable da aplicación mundial do International Standard Book Number, estándar ISO 2108, e que se conforma como unha sociedade limitada de garantía sen ánimo de lucro, con domicilio no Reino Unido.

Estas regras están recollidas tanto nos contratos de ISBN, que a Axencia Internacional subscribe con cada unha das axencias locais (denominadas como axencias nacionais ou axencias de rexistro), ámbito onde se recollen as obrigas destas e as habilitan para prestar este servizo, como nos manuais de usuario do ISBN, que periodicamente edita a Axencia Internacional, onde se fixan «as disposicións xerais do texto da norma ISO 2108 vixente en forma de directrices concretas».

No noso ordenamento xurídico, a xestión do ISBN, desde o inicio da súa implantación, foi exercida polas administracións públicas, e na actualidade corresponde á Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas do Ministerio de Cultura.

O artigo 8 da nova Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, ditado con base nos artigos 149.1.1ª. e 149.2 da Constitución, define o número ISBN e encoméndalle ao Ministerio de Cultura o desenvolvemento do sistema ISBN. Esta responsabilidade devén da aplicación das recomendacións internacionais aprobadas pola Axencia Internacional do ISBN e de acordo cos requisitos que regulamentariamente se establezan. Todo isto salvagardando a competencia que nesta materia reserven para os gobernos autonómicos os seus respectivos estatutos, tal e como se dispón expresamente no punto cuarto do artigo 8 da lei.

Así, este real decreto desenvolve as previsións da dita lei, trasladando ao noso ordenamento xurídico a normativa internacional, tal e como se reflicte na norma UNE-ISO 2108. Ao mesmo tempo substitúe e derroga as previsións sobre o ISBN contidas no Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, polo que se establece a obriga de consignar en toda clase de libros e folletos o número ISBN, e na Orde do 25 de marzo de 1987 pola que se regula a Axencia Española do ISBN, normativa aprobada hai décadas e que se encontra desactualizada. Esta necesaria posta ao día é demandada non só polas últimas recomendacións emanadas da Axencia Internacional, senón tamén polo novo concepto de libro que se recolle na Lei 10/2007. Por outra parte, esta norma adécuese ás competencias asumidas na materia polas comunidades autónomas.

O real decreto, ademais de trasladar aos seus anexos as instrucións da Axencia Internacional e da norma UNE-ISO 2108, habilita o ministro de Cultura para actualizalos se así o require a evolución da normativa internacional.

Por outra parte, a disposición adicional única recolle a posibilidade de que o sector editorial participe na xestión do sistema do ISBN mediante os oportunos mecanismos de colaboración, tendo en conta que, segundo os contratos internacionais de ISBN, os editores

son, xunto coa Axencia Internacional e as axencias locais ou de rexistro, un dos tres niveis que participan na implantación do sistema internacional.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Cultura, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de decembro de 2008.

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento do sistema do ISBN no noso país, tendo en conta as recomendacións e orientacións internacionais aprobadas pola Axencia Internacional do ISBN.

2. O International Standard Book Number, número ISBN, é o número creado internacionalmente para dotar cada libro dun código numérico que o identifique, e que permita coordinar e normalizar a identificación de calquera libro para localizalo e facilitar a súa circulación no mercado.

3. De acordo coas recomendacións e orientacións internacionais, deben incorporar ISBN aquelas publicacións que se recollen no anexo I deste real decreto; así mesmo, no citado anexo figuran as publicacións exentas.

Artigo 2. *Funcións relativas á xestión do ISBN.*

1. Correspóndelle ao Ministerio de Cultura a xestión do ISBN, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

2. Son funcións de xestión do ISBN as seguintes:

a) A administración da cota de prefixos ISBN outorgada pola Axencia Internacional do ISBN.

b) A asignación dun ISBN ou un prefixo editorial do ISBN ao rexistrador da publicación monográfica correspondente ou á editorial, así como a preasignación dun ISBN de prefixo editorial colectivo ao autor-editor ou editor non profesional.

c) A recepción, comprobación e validación das solicitudes dos números ISBN por empresas editoriais, sen prexuízo das funcións de xestión do ISBN que foron ou que poden ser asumidas polas comunidades autónomas.

d) A catalogación dos documentos a partir das solicitudes de ISBN, sen prexuízo das funcións de xestión do ISBN que foron ou poidan ser asumidas polas comunidades autónomas.

e) O deseño e control dos formularios do ISBN, sen prexuízo das funcións de xestión do ISBN que foron ou poidan ser asumidas polas comunidades autónomas.

f) A elaboración e o mantemento de estatísticas sobre as operacións relativas ao ISBN que se leven a cabo, así como a presentación dos correspondentes informes á Axencia Internacional do ISBN.

g) O mantemento das bases de datos do ISBN.

h) A posta á disposición dos usuarios dun sistema de consultas que permita a difusión e comercialización dos libros editados en España e unha máis adecuada prestación de servizos aos diversos axentes do sector do libro.

i) A información e o asesoramento aos editores e interesados no uso do sistema ISBN, sen prexuízo das funcións de xestión do ISBN que foron ou poidan ser asumidas polas comunidades autónomas.

j) Calquera outra función necesaria para o adecuado desenvolvemento da xestión do ISBN.

Artigo 3. *Relación coa Axencia Internacional do ISBN.*

O Ministerio de Cultura manterá relacións de coordinación e interlocución coa Axencia Internacional do ISBN, co fin de coordinar a aplicación do sistema de numeración de libros ISBN.

Artigo 4. *Estrutura e indicación do ISBN.*

1. O código ISBN ten a estrutura que marquen as orientacións e recomendacións aprobadas internacionalmente.

2. O ISBN debe aparecer sempre na publicación de que se trate, de modo visible e inequivocamente recoñecible, de acordo coas especificacións que figuran no anexo II deste real decreto.

Artigo 5. *Efectos da asignación do ISBN.*

A asignación do ISBN ten valor identificativo para os únicos efectos de difusión e comercialización, sen que esta asignación comporte ningún elemento de valoración da obra rexistrada, nin acredite a súa publicación efectiva.

Disposición adicional única. *Mecanismos de colaboración.*

Para o exercicio das funcións previstas no artigo 2, o Ministerio de Cultura poderá establecer mecanismos de colaboración con aquelas asociacións ou federación de asociacións de ámbito estatal no sector editorial, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derróganse as seguintes normas:

a) Os artigos 1, 2, 3, 4.1, 5, 8 do Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, polo que se establece a obriga de consignar en toda clase de libros e folletos o número ISBN, naqueles aspectos relativos ao ISBN.

b) Orde do 25 de marzo de 1987 pola que se regula a Axencia Española do ISBN (Sistema Internacional de Numeración de Libros).

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.2 da Constitución, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial, e ademais polo artigo 149.1.10 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habilítase o ministro de Cultura, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, para a adopción de cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto, así como para a modificación dos anexos para a súa adaptación ás recomendacións e orientacións aprobadas internacionalmente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Cultura,
CÉSAR ANTONIO MOLINA SÁNCHEZ

ANEXO I

a) Publicacións monográficas que deben utilizar código ISBN:

- Obras monográficas impresas.
- Publicacións en braille, ou os seus equivalentes en novas tecnoloxías.
- Publicacións que a editorial non teña previsto actualizar regularmente nin continuar indefinidamente.
- Separatas de artigos ou números monográficos dunha publicación seriada concreta.
- Películas, vídeos e transparencias educativos ou didácticos sempre que sexan recursos didácticos de materias que se impartan no ensino regrado; indicarse a materia e o curso a que vai dirixida a publicación.
- Audiolibros, xa estean en soporte físico (casete, CD, DVD, etc.) ou pola internet.
- Publicacións monográficas electrónicas, xa estean en soporte físico (como cintas lexibles por máquina, disquetes ou CD-ROM) ou na internet.
- Copias dixitais de publicacións monográficas impresas.
- Publicacións multimedia cuxo compoñente principal sexa o texto.
- Publicacións en microformas.
- Programas informáticos educativos ou didácticos que foron deseñados con propósitos educativos ou de capacitación como titoriais para a aprendizaxe.
- Mapas.

b) Publicacións que non deben utilizar o código ISBN:

- Publicacións seriadas. Son publicacións que se editan en partes sucesivas e destinadas en principio a continuar indefinidamente. Normalmente tales publicacións edítanse en partes sucesivas ou integradas e adoitan designarse numérica ou cronoloxicamente. Exemplo delas son xornais, publicacións periódicas, diarios, revistas, etc., o seu código de identificación é o ISSN.
- Recursos continuados. Son publicacións que se poñen en circulación ao longo do tempo sen unha data de finalización predeterminada normalmente difundida en exemplares sucesivos ou integrados tales como publicacións de follas soltas, soportes electrónicos sucesivos e substitutivos e sitios web que se actualizan de forma continua; poden utilizar como código de identificación o ISSN.
- Obras textuais en abstracto.
- Material impreso, ou noutros soportes, de carácter temporal, como catálogos de librarías e editoriais, catálogos comerciais e publicitarios, folletos turísticos, cancioneros, folletos e programas deportivos, cinematográficos, escolares, políticos, teatrais, actos culturais, de festa, conmemorativos, de concertos, etc. listas de prezos e todo material publicitario ou propagandístico.
- Partituras –o seu código de identificación comercial é o ISMN–.
- Impresións artísticas e folletos artísticos sen portada nin texto.
- Documentos persoais (por exemplo, curriculum vitae ou un perfil persoal en formato electrónico).
- Tarxetas de felicitación.
- Gravacións de sons musicais; o seu código é o ISRC.
- Programas informáticos que non teñan fins educativos nin didácticos.
- Taboleiros de anuncios electrónicos (blogs, taboleiros de noticias pola internet, salóns de chat, etc.).
- Correos electrónicos e demais correspondencia electrónica.
- Xogos.
- Almanaques, axendas e calendarios.
- Libros, folletos e cadernos coas follas en branco.
- Álbums de cromos, de fotos, de cerimoniais sociais, de selos, de moedas e billetes, etc.
- Directorios telefónicos.
- Guións de cine, radio e televisión salvo que se publiquen comercialmente.

- Libros de colorear e de adhesivos.
- Manuais de usuario de materiais non libraríos e publicacións que van con xornais e revistas.
- Materiais anexos a unha obra monográfica que non teñan valor comercial por separado, e non se vendan por separado. Non utilizarán un ISBN propio pero poden indicar o ISBN da obra monográfica que acompañan.
- Materiais docentes de uso interno en centros de ensino.
- Memorias, estatutos e materiais de réxime interno de empresas, institucións ou asociacións.
- Obras impresas en multicopistas.
- Pasatempos (encrucillados, sopas de letras, sudokus, kakuros, nurikabes, etc.)
- Publicacións gratuítas.
- Publicacións de dispoñibilidade limitada e recursos actualizables como, por exemplo, as publicacións que se imprimen baixo demanda cun contido adaptado ás peticións do usuario.
- Produtos audiovisuais, tales como películas cinematográficas, documentais, publicitarias, de debuxos animados, etc., o seu código de identificación é o ISAN.

ANEXO II

Indicación do ISBN (norma UNE- ISO 2108)

No caso de publicacións impresas, o ISBN aparecerá impreso no reverso da portada da publicación ou, se isto non é posible, ao pé da mesma portada ou xunto cos créditos da publicación e ao pé da contraportada sempre que sexa factible, e/ou ao pé da sobrecuberta. No caso de que ningunha destas dúas posicións sexa posible, o ISBN imprimirase nalgún outro lugar destacado da parte exterior da publicación.

O ISBN representarase na publicación en forma lexible por máquina como un código de barras. Cando un ISBN se represente como un código de barras usarase a simboloxía do código de barras EAN, de acordo coa ISO/IEC 15420. Nun código de barras, o ISBN deberase presentar en forma lexible polo ollo humano xustamente enriba do símbolo do código de barras.

En publicacións electrónicas e outras formas de produtos non impresos, se a publicación supón unha presentación visual do contido almacenado de forma electrónica (por exemplo, unha publicación en liña), o ISBN aparecerá na páxina ou na pantalla que mostre o título ou o seu equivalente (por exemplo, na pantalla inicial que aparece inmediatamente cando se accede ao contido e/ou na pantalla en que aparecen os créditos).

Se a publicación se difunde como obxecto físico (por exemplo, un disco compacto, unha casete ou un disquete), o ISBN aparecerá en calquera das etiquetas que estean pegadas de forma permanente ao dito obxecto.

No caso de que non sexa posible mostrar o ISBN no obxecto ou na súa etiqueta, o ISBN mostrarase na parte de abaixo do dorso da embalaxe permanente do dito obxecto (por exemplo, na caixa, na funda ou na embalaxe).

O ISBN deberase incluír en calquera dos metadatos incorporados na publicación, ademais de aparecer visiblemente colocado no texto.